

Riscos en carpinterías de madeira

# NON TE CORTES



CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE  
INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)  
EDICIÓN  
Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)  
DESEÑO E MAQUETACIÓN  
[www.block32.es](http://www.block32.es)  
Depósito Legal: C 1780-2022




Esta obra está disponible para a súa consulta no enlace seguinte:  
<http://issga/portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 4.0 España de Creative commons. Para ver unha copia da licenza, visite:  
[http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)



# NON TE CORTES

Riscos en carpinterías de madeira



XUNTA  
DE GALICIA

Índice	Páxinas
0. Riscos en carpinterías de madeira .....	7
1. Organizar, planificar e adoptar medidas preventivas .....	8
2. Máquinas e equipos .....	10
2.1 Tupí .....	11
2.2. Cepilladora ou labra .....	12
2.3. Máquina múltiple ou centro de mecanización .....	13
2.4 Serra de cinta .....	14
2.5 Escuadradora .....	15
2.6 Serra circular / Ingletadora portátil .....	16
2.7 Regrosadora .....	17
3. Outros riscos da actividade .....	18
4. Protección da maternidade, embarazo e lactación .....	19
5. Primeiros auxilios .....	19





[ 0 ]

## Riscos en carpinterías de madeira

Nas carpinterías de madeira os accidentes más frecuentes son debidos a cortes e atrapamientos na utilización da maquinaria, por iso este documento céntrase fundamentalmente neles e nas máquinas de uso más común nesta actividade.

Tamén se describen, de forma máis resumida, outros riscos presentes nas carpinterías.

# ORGANIZAR, PLANIFICAR E ADOPTAR MEDIDAS PREVENTIVAS



## Organización e integración da prevención de riscos laborais na empresa

- Realizar a avaliación de riscos e planificar a prevención.
- Definir procedementos de traballo seguros tendo en conta a normativa.
- Formar e informar os traballadores, en xeral e sobre o seu posto de traballo, sobre os procedementos de traballo concretos para o uso de cada máquina e equipo no relativo a cada tarefa.
- Fomentar a comunicación de incidentes e promover a investigación das súas causas e a modificación dos procedementos de traballo de acordo co coñecemento xerado.
- Atender á protección dos traballadores especialmente sensibles, menores e traballadoras embarazadas ou en período de lactación.
- Controlar o cumprimento das instrucións de traballo e da normativa.
- Designar recursos preventivos cando sexa preciso.



## Lugar de traballo:

- Deseñar o lugar de traballo de forma que quede espazo suficiente entre as máquinas, para poder alimentalas e traballar con seguridade.
- Prever sistemas de ventilación, extracción, así como a limpeza e recollida de labras, para evitar os riscos derivados das labras e do po.
- Dispoñer de iluminación adecuada.
- Atender aos riscos hixiénicos derivados do uso de produtos (vernices, pinturas, colas...)
- Manter o lugar de traballo limpo e ordenado.

## MÁQUINAS E EQUIPOS:



- Coñecer e seguir o Manual de instruccions do fabricante.
- Comprobar que as máquinas teñen marcado CE e/ou cumplen cos requisitos mínimos de seguridade aplicables tanto a elas como á súa utilización (RD 1215/1997).
- Empregar as máquinas para o uso previsto.
- Non empregar os equipos para usos prohibidos.
- Empregar útiles e recambios compatibles coa máquina.
- Seleccionar máquinas pouco ruidosas, se é preciso utilizar protectores auditivos.
- Revisar e manter os equipos en bo estado.
- Se as máquinas van estar nunha zona ATEX deben ser adecuadas para iso.
- Ter en conta que facer modificacions ou unir máquinas pode invalidar a declaración CE de conformidade e obrigar a unha marcación nova.

## [ 2.1 ] \_ TUPÍ



### RISCOS

- Cortes por contacto das mans cos útiles de corte.
- Golpes por retroceso das pezas.
- Proxeccións de partes da peza ou do útil.
- Atrapamentos.

### MEDIDAS

- Usa útiles de corte ben afiados e adecuados á velocidade da máquina.
- Comproba que os útiles están ben suxeitos e equilibrados.
- Utiliza alimentadores automáticos ou empuxadores para a alimentación das pezas.
- As máquinas contan con elementos de alimentación, traballo e seguridade, apóiate neles, en función da operación que realices, para levar a cabo o traballo: fresas antirechazo, listómetro (calibrador de regulado), carro de alimentación para alimentacións corridas, mesas auxiliares e topes antirretroceso, guías continuas, formas ou moldes de suxeición e alimentación, topes de inicio e final de ataque, empuxadores, dispositivos de suxeición de peza, amparos regulables...
- Protexe o útil de corte deixando o espazo estritamente necesario para labrar a peza.
- Mantén protexidas con proteccións fixas as partes móbiles da máquina nas que non debas operar (poleas, engranaxes, etc).
- Asegúrate de que utilizas os EPI adecuados á tarefa.
- Utiliza roupa de traballo axustada, especialmente nos puños.
- Non accedas á zona de traballo antes de que o útil se deteña completamente (por exemplo, para retirar residuos, recortes, etc).

## [ 2.2 ] - CEPILLADORA OU LABRA



### RISCOS

- Cortes por contacto das mans co cepillo, na parte do útil non ocupada pola peza.
- Golpes por retroceso das pezas.
- Proxeccións de partes da peza ou do útil.
- Atrapamentos.

### MEDIDAS

- Usa útiles de corte ben afiados e adecuados á velocidade da máquina.
- Comproba que os útiles están ben suxeitos e equilibrados.
- Utiliza alimentadores automáticos ou empuxadores para a alimentación das pezas.
- Comproba que o rolo de coitelas está protexido cun resgarde regulable.
- Mantén protexidas con proteccións fixas as partes móbiles da máquina nas que non debas operar (poleas, engranaxes, etc).
- Asegúrate de que utilizas os EPI adecuados á tarefa.
- Utiliza roupa de traballo axustada, especialmente nos puños.
- Non accedas á zona de traballo antes de que as coitelas se deteñan completamente (por exemplo, para retirar residuos, recortes, etc).

## [ 2.3 ] - MÁQUINA MÚLTIPLE OU CENTRO DE MECANIZACIÓN



### RISCOS

Nesta máquina poden concorrer os riscos das distintas funcións que realiza o equipo:

- Cortes ou atrapamentos por falta de protección doutros útiles da máquina que xiren en baleiro mentres estás usando un útil en concreto.
- Cortes por contacto das mans co útil que esteas utilizando.
- Golpes por retroceso das pezas.
- Proxeccións de partes da peza ou do útil.
- Atrapamentos.

### MEDIDAS

- Comproba que os útiles que non se están utilizando permanezan parados ou protexidos.
- Usa útiles de corte ben afiados e adecuados á velocidade da máquina.
- Comproba que os útiles están ben suxeitos e equilibrados.
- En relación coa zona da máquina na que estás operando e o seu útil, utiliza alimentadores automáticos ou empuxadores para a alimentación das pezas e apóiate nos elementos de alimentación, traballo e seguridade de que dispoñan.
- Protexe o útil de corte deixando o espazo estritamente necesario para labrar a peza.
- Mantén protexidas con protecções fixas as partes móbiles da máquina nas que non debas operar (poleas, engranaxes, etc).
- Asegúrate de que utilizas os EPI adecuados á tarefa.
- Utiliza roupa de traballo axustada, especialmente nos puños.
- Non accedas á zona de traballo antes de que os útiles se deteñan completamente (por exemplo, para retirar resíduos, recortes, etc).

## [ 2.4 ] - SERRA DE CINTA



### RISCOS

- Cortes nas mans, brazos, tronco, cabeza ou outras partes do corpo pola serra de cinta.
- Golpes ou cortes por rotura e proxección da cinta.
- Atrapamentos, especialmente por elementos de transmisión.
- Golpes por retroceso das pezas.
- Proxeccións de partes da peza ou da serra.

### MEDIDAS

- Utiliza protectores autorregulables para axustar o espazo accesible da cinta ao tamaño das pezas que se vaian cortar.
- Utiliza cintas adecuadas á máquina e á súa velocidade.
- Mantén a serra afiada, triscada, axustada, coa banda coa tensión adecuada e os volantes no mesmo plano.
- Mantén protexidos, con proteccións fixas, os volantes de xiro e as correas de transmisión.
- Utiliza mesas auxiliares, alimentadores automáticos e/ou empuxadores para a alimentación das pezas.
- Asegúrate de que utilizas os EPI adecuados á tarefa.
- Utiliza roupa de traballo axustada, especialmente nos puños.
- Non accedas á zona de traballo antes de que a cinta se deteña completamente (por exemplo, para retirar resíduos, recortes, etc).

## [ 2.5 ] - ESCUADRADORA



### RISCOS

- Cortes por contacto cos dentes do disco, ou do disco incisor, en movemento.
- Retroceso de pezas.
- Proxeccións de partes da peza ou do disco.
- Atrapamentos por contacto con correas de transmisión.

### MEDIDAS

- Fai uso de elementos de alimentación (mesa móbil, viga móbil, etc).
- Escamotea o disco incisor sempre que non se vaia facer uso del.
- Verifica que conta con coitelo divisor.
- Comproba que dispón de carcasa superior cubreserra ou resgado montado sobre o coitelo divisor e utilízoa. Se a protección é opaca, a liña de corte debe estar marcada.
- Non accedas á zona de traballo antes de que o disco se deteña completamente (por exemplo, para retirar residuos, recortes, etc).

## [ 2.6 ] - SERRA CIRCULAR / INGLETADORA PORTÁTIL



### RISCOS

- Cortes por contacto cos dentes do disco.
- Atrapamentos con partes móveis da máquina.
- Proxeccións de fragmentos e partículas de pezas ou do disco.

### MEDIDAS

- Asegúrate de dispoñer da carcasa móvil de protección.
- Na serra circular verifica a presenza do coitelo divisor regulable, axustado á distancia adecuada do disco de corte.
- Comproba: que o disco ou folla de corte é adecuado á velocidade da máquina e ao material que hai que cortar.
- Sempre que sexa posible, utiliza unha mesa de traballo e suxeita as pezas en posición estable para o seu corte.
- Comproba o bo estado do resorte, do dispositivo automático de ancoraxe do disco en posición de repouso e do gatillo.
- Selecciona a máquina adecuada a cada traballo.
- Para evitar acuñamentos, tras seleccionar a liña de corte e fixar a peza, retira os topes antes da realización do corte.
- Utiliza prensores, empuxadores ou alimentadores. Non suxeites nin alimentes manualmente pequenas pezas.
- Apaga a serra cando non se utilice. Realiza as operacións de comprobación, axuste e mantemento coa máquina parada e desconectada.
- Non accedas á zona de traballo antes de que o disco se deteña completamente (por exemplo, para retirar residuos, recortes, etc).
- Asegúrate de que utilizas os EPI adecuados á tarefa.
- Utiliza roupa de traballo axustada, especialmente nos puños.

## [ 2.7 ] – REGROSADORA



### RISCOS

- Golpes ou impactos por proxección ou retroceso das pezas.
- Contacto coa árbore portacoitelas.
- Atrapamentos entre a peza e o cilindro estriado de avance.

### MEDIDAS

- Asegúrate de dispoñer de carcasa protectora do conxunto da máquina.
- Mantén en bo estado os elementos antiretroceso do equipo (uñas, lingüetas, etc).
- Mantén as coitelas afiadas.
- Evita situarte no percorrido de retroceso de pezas. Non empuxes as pezas co corpo ou o peito.
- Utiliza mesas auxiliares, alimentadores automáticos ou empuxadores para a alimentación das pezas.
- Evita introducir pezas de diferente grosor á vez, para que non se queden sen presionar as más delgadas.
- Non accedas á zona de traballo antes de que as coitelas se deteñan completamente (por exemplo, para retirar residuos, etc).
- Asegúrate de que utilizas os EPI adecuados á tarefa.
- Utiliza roupa de traballo axustada, especialmente nos puños.

# OUTROS RISCOS DA ACTIVIDADE

- Contacto con produtos químicos como disolventes, vernices, colas...
- Riscos biolóxicos (fungos, mofos, etc).
- Inhalación de po de madeira.
- Presenza de ruído.
- Incendios e/ou explosións por materiais (disolventes, presenza excesiva de po...)
- Caídas ao mesmo ou distinto nivel.
- Sobreesforzos e riscos posturais.
- Contactos eléctricos.

## RUÍDO

- > Pode causar xordeira profesional.
- > Seleccionar máquinas o más silenciosas posible e mantelas adequadamente.
- > Separar os traballos más ruidosos do resto, se é factible.
- > Utilizar protectores auditivos, cando sexa preciso.

## PO DE MADEIRA

- > O po pode causar asma, dermatite e incluso cancro. Cando sexa preciso utilizar máscaras de protección adecuadas.
- > Pode causar incendios ou explosións, xa que é inflamable.
- > Aspirar o po (en vez de varrer) cando e onde se xere, usando dispositivos de aspiración conectados ás máquinas.

## USO DE VERNICES, COLAS DISOLVENTES...

- > Poden causar asma, dermatite, náuseas...
- > Poden producir incendios ou explosións.
- > Seleccionar os produtos menos volátiles ou de menor risco.

> Seguir as instrucións da ficha de datos de seguridade do produto.

> Utilizar luvas protectoras para evitar o contacto dos produtos coa pel.

> Manter unhas boas condicións de ventilación. Para vernizar é importante dispor de cabina.

> Almacenar os vernices, disolventes e colas en armarios resistentes ao lume ou en lugares illados ou separados.

## CONTACTOS ELÉCTRICOS

- > Realizar a instalación conforme a normativa.
- > Facer revisións periódicas da instalación.
- > Manter os enchufes e cables en bo estado.
- > Manter as tapas de cadros eléctricos e caixas pechadas.

## INCENDIOS E EXPLOSÍONS

- > Identificar as zonas ATEX.
- > Aspirar o po e limpar con frecuencia.
- > Evitar soprar ou varrer.

[ 4 ]

## PROTECCIÓN DA MATERNIDADE, EMBARAZO E LACTACIÓN

- Evita os ruídos molestos e intensos. Reduce o tempo de exposición, cambia o momento de realización da tarefa ou trócaa con outra persoa.
- Evita caídas e golpes. Non fagas traballos que requiran equilibrio sobre superficies elevadas, inestables ou escorregadizas.
- Se tes que empregar produtos químicos comproba previamente na etiqueta e na ficha de datos de seguridade que non sexan perigosos para embarazadas ou mulleres en período de lactación.
- Evita sobreesforzos e posturas forzadas. Ata os 6 meses de embarazo podes cargar como moito 10 kg de forma ocasional e 5 kg de forma reiterada. A partir do sexto mes evita cargar pesos.
- Realiza cambios posturais frecuentes, alternando posturas de pé e sentada. Utiliza roupa e calzado cómodo, recomendándose o emprego de medias de compresión venosa.
- Evita o estrés. Evita as xornadas prolongadas e deixa tempo para facer descansos frecuentes, comer, beber, extraer leite materno ou dar de mamar ao teu neno.

[ 5 ]

## PRIMEIROS AUXILIOS

- Dispor de caixa de primeiros auxilios equipada e revisada co contido preciso.
- Ter á disposición un teléfono e os números para chamar ca urxencias (**061**, **112**, Centro sanitario máis próximo...)
- Seguir a secuencia **PAS**: **PROTEXER, AVISAR, SOCORRER**.
- Seguir as indicacións que che faciliten dende ca emerxencias.
- Contar con persoal formado en primeiros auxilios e emerxencias.

### Situacións más frecuentes

#### Corpos estraños nos ollos:

- Non frotar o ollo afectado.

#### Salpicaduras:

- Lava o ollo con auga fría abundante.

#### Partículas:

- Non intentes extraelas.
- Cubre o ollo coa pálpebra fechada.
- Solicita asistencia médica.

#### Feridas:


- Facer limpeza rápida con auga.
- Cubrir con apósito.
- Traslado a un centro.

#### Hemorraxias:

- Sentar ou tombar o accidentado.
- Facer presión manual directa e, detida a hemorraxia, poñer vendaxe compresiva.



**ISSGA.XUNTA.GAL**  
RISCOS EN CARPINTERÍAS DE MADEIRA



INSTITUTO DE  
SEGURIDAD E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA